



DATOS IDENTIFICATIVOS

Producción Artística: Audiovisuais

Materia	Producción Artística: Audiovisuais			
Código	P01G010V01502			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Debuxo Escultura Pintura			
Coordinador/a	Alonso Romera, Maria Sol			
Profesorado	Alonso Romera, Maria Sol Chavete Rodriguez, Jose Novegil Gonzalez-Anleo, Xoan Manuel Valverde Garcia, Alberto			
Correo-e	alonso@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Configurar un contexto analítico e de produción, na práctica artística, desde o cal comprender con profundidade crítica a relación entre a Arte e os soportes audiovisuais en todas as súas vertentes e xéneros principais, desde a súa aparición na escena artística da man do cine vangardista de principios do século XX ata a súa desembocadura na creación sonora e no vídeo do presente.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A16	Coñecemento das características dos espazos e medios de exposición, almacenaxe e transporte das obras de arte
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A28	Capacidade de traballar en equipo. Capacidade de organizar, desenvolver e resolver o traballo mediante a aplicación de estratexias de interacción
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias

A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A34	Capacidade de colaboración con outras profesións e especialmente cos profesionais doutros campos. Identificar os profesionais adecuados para desenvolver adecuadamente o traballo artístico
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
B1	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento dos procedementos propios das disciplinas relacionadas coa videocreación e o audiovisual.	A7 A9 A12	
Coñecemento das principais ferramentas e sistemas implicados na creación audiovisual.	A9 A12 A14	
Coñecementos históricos e culturais relacionados coa evolución da imaxe en movemento.	A1 A5 A6 A7	
Coñecemento de sistemas de distribución en rede de contidos audiovisuais.	A16 A31 A39	
Coñecementos básicos de manipulación técnica do son.	A9 A12 A14	
Capacidade para desenvolver propostas creativas no ámbito audiovisual.	A31 A32 A38	
Capacidade para a comprensión crítica das relacións da arte e a tecnoloxía.	A1 A2 A19	
Capacidade para a análise crítica de obras que impliquen a imaxe en movemento e o son.	A1 A25	B1
Capacidade para o manexo de métodos de produción no ámbito do audiovisual.	A31 A32	
Capacidade para comprender na súa máxima intensidade a experiencia do taller de produción e creación.	A20 A22 A31 A32	
Capacidade para comprender o audiovisual como linguaxe creativa e ferramenta de experimentación.	A19 A20 A31 A32	
Capacidade para comprender as obras audiovisuais en relación con outras disciplinas artísticas.	A28 A31 A32 A33 A34	
Habilidade para o uso creativo da temporalidade na obra de arte.	A42 A43	
Habilidade para o manexo de instrumentos e métodos propios da videocreación e o son.	A42 A43	
Habilidade para desenvolver os aspectos expresivos da imaxe en movemento e o son.	A42 A43	
Habilidade para a integración de disciplinas distintas na produción artística.	A33 A42 A43	

Contidos	
Tema	
Son: maquinismo e modernidade.	Da literatura á poesía fonética. A arte dos ruídos.
Son: atonalidade e ruidismo.	Manifesto dos ruídos: Luigi Russolo. A distancia das cousas: Marcel Duchamp.
Son: nos límites do musical: ruído e experimentación.	Movemento Fluxus. John Cage: o espazo sonoro do silencio. Outras posicións no contexto actual do sonoro.
Son: gravación e montaxe de obras sonoras.	Prácticas relacionadas coa montaxe de bandas sonoras. Videoclips. Obra sonora: monocanle ou instalación.
Vídeo: estética da creación audiovisual.	O espazo e o tempo na imaxe en movemento.
Vídeo: arte e cinematografía	A relación das artes plásticas co cine. A estreita relación entre cine e pintura.
Vídeo: análise da orixe e evolución da cinematografía.	Cine con argumento versus cine sen argumento. Cine puro vangardista. Cine puro documental.
Vídeo: afondamento no concepto de «montaxe».	Captura, representación e articulación do tempo e do movemento.
Vídeo: análise, estudo e definición dos distintos modos de expresión ou xéneros da videocreación.	Vídeo monocanle. Videoperformance. Videoinstalación. Videoescultura.
Técnica audiovisual: modos de xeración da imaxe.	Realismo-ficción. Iluminación. Decorados. Dirección artística.
Técnica audiovisual: rexistro, captura e edición da imaxe.	Dispositivos de cámara. Dispositivos hardware e software informáticos.
Técnica audiovisual: achegamento e uso práctico das ferramentas de creación.	Final cut. Soundtrack. Sound studio. Conversores de vídeos. Secuenciadores de vídeo non lineal. Tratamento de imaxe para web. Tratamento do vídeo dixital para a súa adaptación a novos sistemas. Autoría de sistemas DVD.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	50	0	50
Prácticas de laboratorio	20	50	70
Obradoiros	15	37.5	52.5
Traballos de aula	20	50	70
Traballos tutelados	0	57.5	57.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clase maxistral con apoio de documentación e sistemas multimedia. Exposición dos contidos da materia: exposición teórica dos conceptos relacionados coa linguaxe audiovisual. Exposición teórica da ontoloxía da imaxe en movemento. Exemplos paradigmáticos da historia e xéneros principais da cinematografía. Análise crítica de axiomas culturais que definen os distintos soportes audiovisuais mediante a resolución de problemas prácticos. Toma de apuntamentos e exposición debatida dos mesmos. Modalidade: guiada. Presenza do/a docente e presenza obrigatoria do alumnado: a asistencia será controlada mediante sinatura. Escenario: aula ordinaria. Sala de proxeccións.
Prácticas de laboratorio	Descrición: aprendizaxe práctica, mediante a simulación de casos, do manexo das ferramentas de creación (hardware e software) implicadas na gravación, captura, edición e postproducción da imaxe e o son dixital. Modalidade: guiada. Presenza do/a docente e presenza obrigatoria do alumnado: a asistencia será controlada mediante sinatura. Escenario: laboratorio de audiovisuais.

Obradoiros	Aprendizaxe e realización de prácticas de iluminación en plató. Creación de ambientes e decorados. Manexo directo do equipamento técnico e da grella de focos instalada. Realización de exercicios de toma de imaxe con control de temperatura de cor. Modalidade: asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou de grupo que desenvolven os estudantes. A asistencia do alumnado será controlada mediante sinatura. Escenario: plató.
Traballos de aula	Descrición: o alumnado, individualmente ou en grupo (5 alumnos máximo), desenvolve na aula o deseño e a realización, como obra final, dun proxecto experimental de creación audiovisual relacionado con algún dos xéneros ou problemáticas audiovisuais desenvolvidos na materia. Modalidade: guiada, con seguimento do traballo e avaliación (tanto durante o proceso como no resultado final) e vinculado ao seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. A asistencia do alumnado será controlada mediante sinatura.
Traballos tutelados	Descrición: abastécese ao alumnado dunha bibliografía específica e de obrigada lectura, a partir da cal, individualmente ou en grupo (5 persoas), se realizará un traballo teórico escrito (monográfico + traballo de documentación), segundo guión previo achegado polos/as docentes implicados/as na materia. Modalidade: autónoma. O alumnado dispón de sesións de titoría para facilitar o seguimento do seu traballo por parte do/a docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Traballos de aula: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo de forma presencial. Desenvólvese directamente na aula durante o tempo de presencialidade do alumno programado para este labor e, polo tanto, durante a realización do proxecto (obra audiovisual) que o alumno estea levando a cabo. Ten carácter teórico e práctico. Traballos tutelados: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo durante o horario de titorías fixado previamente polo/a(s) docente/s. Ten carácter teórico e práctico. Desenvólvese de forma individual ou en pequenos grupos. Desenvólvese fóra da aula (despachos de profesor ou despachos de aula).
Traballos tutelados	Traballos de aula: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo de forma presencial. Desenvólvese directamente na aula durante o tempo de presencialidade do alumno programado para este labor e, polo tanto, durante a realización do proxecto (obra audiovisual) que o alumno estea levando a cabo. Ten carácter teórico e práctico. Traballos tutelados: A atención personalizada neste ámbito lévase a cabo durante o horario de titorías fixado previamente polo/a(s) docente/s. Ten carácter teórico e práctico. Desenvólvese de forma individual ou en pequenos grupos. Desenvólvese fóra da aula (despachos de profesor ou despachos de aula).

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	<p>A avaliación é continua durante o transcurso da materia. Valóranse especialmente os seguintes aspectos: evolución persoal e dos contidos do proxecto que se vai realizar; participación activa e seguimento da materia, así como a actitude no obradoiro e a asistencia a este; manexo adecuado e creativo das ferramentas e software de creación, e uso responsable destas ferramentas; interese e criterio personalizado nas distintas actividades de estudo, creación, participación e análise da materia.</p> <p>Estipularase unha data final de entrega do traballo e, a continuación, unha data para a publicación da súa cualificación final.</p> <p>Se a cualificación do traballo de aula acada o nivel de aprobado, será ponderada segundo o seu tanto por cento de valor, xunto á cualificación obtida co traballo tutelado. Todo isto conformará a cualificación final da materia.</p> <p>No caso de que o alumno non supere o nivel de aprobado ou de que non realice a entrega do traballo de aula que se estipula como proxecto práctico da materia, poderase optar, para aprobar a materia, á realización dun exame práctico na primeira convocatoria (febreiro). Datas convocatoria febreiro: 27/28/29 xaneiro 2010. En horario de clases correspondente a cada grupo.</p>	75%
Traballos tutelados	<p>A presentación do traballo tutelado (traballo teórico escrito), ao final do cuadrimestre (para o que se estipulará unha data final de entrega), é obrigatoria para todo o alumnado.</p> <p>Valorarase: a elección temática; o grao de indagación, análise e manexo da documentación consultada para o desenvolvemento do traballo; a elaboración dun índice temático coherente e de calidade; o estilo de escritura; a achega de material gráfico e a presentación.</p> <p>A non presentación do traballo teórico escrito (traballo tutelado) restará o 25% á cualificación obtida no traballo de aula.</p>	25%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segunda convocatoria (xullo):

O alumnado deberá presentar un proxecto audiovisual propio (obra final), segundo os mesmos parámetros que se transmitiron e impartiron na materia. Este proxecto deberá realizarse ata a data da convocatoria baixo titorización dalgún ou de todos os docentes da materia e, polo tanto, os profesores deberán coñecer os procesos de realización deste traballo e saber que será presentado como resultado para avaliar na segunda convocatoria da materia (xullo). Para isto, o alumnado deberá manter contacto, nos horarios de titorías que se estipulen, cos profesores implicados.

Xunto co proxecto audiovisual (obra final), o alumno deberá presentar un monográfico-traballo de documentación do tema que aborde, para que sirva como base de investigación do seu proxecto. Deberá basearse no mesmo tipo de guión que previu que se estipulase na materia.

A cualificación obtida como nota final da materia valorarase da seguinte maneira: proxecto audiovisual (75%); monográfico-traballo de documentación (25%).

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 5 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

MARTIN; S. GROSENICK; U. (ED.), **Videoarte**, Taschen,

BAIGORRI; L., **Vídeo: Primera Etapa (El Vídeo en el contexto social y artístico de los años 60/70)**, Brumaria,

DANCYGER; K., **Técnicas de edición en cine y vídeo**, Gedisa,

MARTÍN GUTIÉRREZ; G., **Cineastas frente al espejo**, T&B Editores. Festival Internacional de Cine de Las Palmas,

ROMAGUERA I RAMIO; J. ALSINA THEVENET; H. (ED.), **Textos y Manifiestos del Cine**, Cátedra. Signo e imagen,

TORREIRO; C. CERDÁN; J. (ED.), **Documental y Vanguardia**, Cátedra. Signo e imagen,

Recomendacións